



MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNCICIPAIS SOCIALISTA, COMPOSTELA ABERTA E BNG SOBRE O PLAN DE RESTAURACIÓN DA CANTEIRA DE MIRAMONTES

A Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia está na actualidade tramitando a modificación do Plan de Restauración da concesión de explotación “Miramontes nº6770.1”. Esta instalación leva sendo un foco de conflito permanente coa veciñanza da zona polos múltiples impactos ambientais que xera na zona como fedores, lixiviados, contaminación de regatos, verteduras incontroladas ou tráfico intenso de camións.

Neste novo plan propónse o recheo dos ocios da explotación mineira con materiais naturais escavados e con áridos reciclados procedentes de plantas de valorización externas á explotación así como a utilización de tecnosolos. En dita modificación, renúnciase á fabricación de áridos reciclados dentro da explotación que se pretendía no anterior Plan de Restauración aínda que mantendo os outros parámetros do proxecto. Dita renuncia serve como xustificación, segundo os redactores do proxecto, para que non sexa necesario someter dito plan ao procedemento de Avaliación Ambiental.

Que dito proxecto poida non ser sometido a avaliación de impacto ambiental é alarmante. Seguindo a liña política marcada na Declaración Institucional aprobada no pleno do día 19 de decembro de 2019 para *“rexeitar o desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes”* onde o Concello de Santiago de Compostela instaba á Xunta de Galicia a extremar as garantías medioambientais no referente a Miramontes, entendemos que coa lexislación autonómica vixente, os Plans de Restauración de explotacións mineiras están servindo como unha vía para ampliar os usos desas explotacións, converténdooas en vertedoiros.



Este tipo de actuacións, baixo a nomenclatura de “Plan de Restauración”, contribúen ao incremento dos efectos medioambientais adversos que se están a producir, neste caso concreto na zona de Grixoa coas instalacións xa permitidas. Falamos de contaminación do aire e malos cheiros, dun elevado tráfico de camións pesados coa conseguinte contaminación por fumes e ruídos, ademais dun elevado risco para a seguridade vial, e potencial contaminación das augas subterráneas.

Ademais debemos sinalar que os plans de vixiancia ambiental desas instalacións detectaron incumplimentos na explotación do vertedeiro e na planta de tecnosolos xa que se teñen incoados procedementos sancionadores por parte da mencionada Consellería.

Por todo o exposto, estes grupos municipais solicitan a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a que non permita a instalación dun novo vertedeiro en Miramontes a través da aprobación da modificación do Plan de Restauración.
2. Instar á Xunta de Galicia a que revise a autorización actual, valorando a súa clausura, motivada pola preocupación veciñal, polo malestar e conflictividade social, polos constantes incumplimentos da normativa, pola acumulación de sancións, polos constantes procesos xudiciais e pola imposibilidade de circulación dos camións.
3. Instar ao Parlamento de Galicia a modificar a lexislación autonómica vixente que permite unha liberalización total dos solos dos nosos municipios para a instalacións de infraestruturas que afectan gravemente ao medio ambiente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Gumersindo Guinarte Cabada
Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE

Marta Lois González
Voceira do grupo municipal de CA

Goretti Sanmartín Rei
Voceira do grupo municipal do BNG

